

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MESÓN DO VENTO

CURSO: Primaria

MATERIA: Relixión Católica.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

| 1. | 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|----|---|--|
| | Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1º | Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao Home. | Coñece, respecta e coida a obra creada.. |
| 1º | Respectar as relacións de amizade. | Coñece e valora que Deus fala a Abrahán e Noé para ser o seu amigo |
| 1º | Explicar o relato do nacemento de Xesús e da adoración dos pastores. Coñecer os feitos básicos relacionados coa Semana Santa e coa Pascua. | Nomea e asocia lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús. |
| 1º | Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus. | Asocia as características da familia da Igrexa coas da súa familia. |
| 2º | Identificar na propia vida o desexo de ser feliz. | Valora e agradece que Deus o creou para ser feliz. |
| 2º | Aprender o significado do tempo de Advento. | Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida. |
| 2º | Identificar o significado dos símbolos cristiáns e do templo, e recoñecer a raíz celebrativa da festa cristiá. | Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo. |
| 2º | Recoñecer e apreciar que Deus busca sempre a salvación do home | Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia. |
| 3º | Distinguir como Xesús fai felices os homes cos seus xestos e accións. | Descobre e subliña, nos relatos de milagres, os xestos e accións de Xesús que fan felices os homes. |
| 3º | Aprender e lembrar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías. | Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías |
| 3º | Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e contorno son un don de Deus para a súa felicidade. | Lembra e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou o contorno son un agasallo. |
| 4º | Identificar a necesidade do perdón para ser feliz. | Lembra e acepta situacións persoais ou sociais que necesitan de perdón. |
| 4º | Aprender e lembrar historias bíblicas nas que Deus promete o Mesías. | Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías |
| 4º | Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados e os enfermos. | Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos nos textos evanxélicos. |

| | | |
|----|---|--|
| 5º | Distinguir e memorizar os distintos tipos de libros do Antigo e Novo Testamento. | Confecciona materiais para ubicar cronolóxicamente os principais libros da Biblia. |
| 5º | Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xera o encontro con Xesús. | Interpreta e aprecia o cambio que orixinou el encontro con Xesús en algúns das personaxes que aparecen nos evanxeos. |
| 5º | Identificar o vínculo que existe entre a Última Cena e a paixón, morte e resurrección de Cristo. | Asocia a celebración da Eucaristía coas palabras e os xestos de Xesús na Última Cea. |
| 6º | Recoñecer que a relación con Deus fai a persoa máis humana. | Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz. |
| 6º | Esforzarse por comprender que Xesús ten que vencer obstáculos externos para realizar a vontade de Deus. | Extrapolas as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer o Pai con situacións que viven os seres humanos. |
| 6º | Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidade da natureza humana para alcanzar a plenitude. | Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz. |
| | | |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|--|--|
| Avaliación | Procedementos: Seguemento do traballo realizado(envío de materiais...). Análise do traballo escrito do alumnado. |
| | Folla de control do profesorado. Cartafol individual cos traballos enviados polo alumnado por calquera medio de comunicación dos establecidos polo centro, principalmente correo electrónico. |
| Cualificación final | Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, basearémonos nas cualificacións do 1º e 2º trimestre do curso 19-20, valorando de xeito positivo o traballo deste 3º trimestre. A repercusión do traballo do 3º trimestre nas cualificacións finais do alumnado solo poderá ser positiva. |
| Avaliación de materia pendentes | Non hai alumnado coa materia pendente doutros cursos e, polo tanto, non é necesaria esta avaliación. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|--|---|
| Actividades | <p>Tarefas de recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación, na medida en que cada alumno/a podía avanzar. Individualizouse ao máximo o proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Na clase de Relixión Católica buscouse na programación de actividades que os nenos tomen sobre todo conciencia de valores solidarios e cristiáns como a xenerosidade, o respecto, solidariedade.... así como de recoñecemento e xestións das súas emocións tan necesarias na situación actual.</p> |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade): | <p>Alumnado con conectividade: Publicación de propostas didácticas na web do centro. Contactos individuais e envío e recepción de materiais por diversas vías (teléfono, mail , aplicacións de mensaxería...)</p> <p>Alumnado sen conectividade: Contactos individuais e envío e recepción de materiais por diversas vías (teléfono, mail, aplicacións de mensaxería...).</p> |
| Materiais e recursos | <p>Materiais dixitais , fichas imprimibles, correo electrónico, páxina web do centro.</p> |